

CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa

# CCOO denuncia a falta de compromiso da administración galega coa protección integral da infancia e da adolescencia no sistema educativo de Galicia

O sindicato expresa a súa enérxica condena diante da falta de compromiso da administración galega coa protección integral da infancia e da adolescencia no sistema educativo de Galicia, no contexto da traslación das obrigas da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño.

*13 de xuño de 2023*

Na Mesa Sectorial Docente Non Universitaria celebrada no día de hoxe en Santiago de Compostela, a Consellería de Educación vén de presentar aos sindicatos unha proposta claramente insuficiente e amosa unha preocupante falta de vontade para garantir a seguridade e o benestar do alumnado e do persoal educativo. Esta proposta deriva da competencia autonómica para trasladar ó sistema educativo de Galicia as obrigas de Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia. Exiximos que se abandone este documento e se elabore un novo texto que efectivamente atenda ás necesidades e demandas do noso sistema educativo.

É inadmisíbel que se pretenda que calquera docente poida asumir o rol de coordinador de benestar e convivencia nos centros educativos. É importante destacar que este rol inclúe atribucións que van máis alá do ámbito interno, pois tamén implica establecer relacións con outras entidades e institucións, como outras consellerías, e incluso forzas e corpos de seguridade do estado, así como funcións de formación a pais e nais. A realidade é que non hai tempo suficiente dentro da xornada laboral actual para levar a cabo as once funcións de gran importancia establecidas no artigo 35.2 da Lei Orgánica 8/2021. Non podemos aceptar que se relegue esta responsabilidade a profesorado xa sobrecargado.

Esta intención por parte da Administración só pon de manifesto **a busca dun ensino low-cost e non dun ensino de calidade**. Por riba, o despropósito resulta aínda maior, cando, na negociación da semana pasada, do acordo para o mal chamado mantemento do emprego no

**CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa**

ensino concertado, a Consellería propón facer uso de fondos públicos para financiar o despedimento de docentes por parte das empresas privadas do sector<sup>1</sup>.

Demandamos que se destine persoal específico para estes cometidos. O criterio de CCOO é que tanto en Primaria como en Secundaria desenvolva estas tarefas algún **membro adscrito ao Departamento de Orientación**, mentres que en Secundaria e FP podería encargarse igualmente alguén da especialidade de **Servizos á Comunidade**. Necesariamente, estas novas responsabilidades deben ir acompañadas da correspondente ampliación de cupo, con novo persoal non existente no centro escolar.

Non podemos aceptar unicamente papeis e declaracións baleiras por parte da Administración. É inaceptable que a Consellería pretenda facer fronte a estas funcións cunhas escasas dúas horas semanais, sen incrementar o persoal, sen ofrecer reducións horarias lectivas e sen outras medidas necesarias para garantir a súa realización adecuada.

CCOO seguirá loitando incansablemente para protexer os dereitos e a seguridade do noso estudantado e do persoal educativo. O interese deste sindicato é velar pola educación segura e de calidade en Galicia e asegurar que se cumpran os estándares de protección e benestar da infancia e da adolescencia en todos os ámbitos educativos, polo que exiximos á Administración que recapite e asuma de forma activa as súas responsabilidades.

*Para máis información,*

Jose Fuentes  
Secretaría de Acción Sindical de docentes de pública  
Federación de Ensino de CCOO Galicia  
660 394 729

---

<sup>1</sup> CCOO non asinará a proposta de mantemento de emprego presentada pola Consellería <https://ccoensino.gal/informacion-ampliada.php?idNoti=2876>